



Rumex rupestris (*Rumex rupestris*)



NOME COMÚN
Rumex rupestris
NOME CIENTÍFICO
Rumex rupestris
CLASE
Plantas superiores
FAMILIA
Polygonaceae

DESCRICIÓN

Planta perenne de ata 80 cm. Presenta un rizoma a partir do cal a planta danada pode rebrotar. As follas son dunha cor máis ou menos verdoxa. Inflorescencia con verticilos subcontiguos, só os inferiores presentan brácteas. Valvas do froito con tubérculos grosos. Os froitos posúen unha alta flotabilidade e viabilidade tras longos períodos en auga mariña. Planta polinizada polos insectos que a visitan (entomofilia).

DEMOGRAFÍA

As poboacións desta especie encóntranse fragmentadas na súa maioría e son de moi pequena entidade: non superan os 60 individuos (existen varias cun só individuo).

HÁBITAT

Vive en hábitats onde exista achega de auga fresca. Dous son os hábitats onde podemos atopar esta especie: o máis común son arrosios que discorren sobre areas costeiras, aínda que tamén se pode encontrar en cantís, sobre paredes, areas ou coios.

DISTRIBUCIÓN

Localizada en varios puntos de Pontevedra (illa de Ons, Nigrán) e A Coruña (norte de Ferrol, Costa da Morte). A maioría destas poboacións inclúense dentro dun espazo protexido (LIC Costa Ártabra, LIC Costa da Morte, LIC Complexo Ons-O Grove e Parque Nacional das Illas Atlánticas).

ESTADO DE CONSERVACIÓN

As súas poboacións situábanse en lugares costeiros ata agora ben conservados, pero a intensificación turística produciu o desenvolvemento de infraestruturas (paseos, piscifactorías, facilitación de acceso...) que xa danaron gravemente certas poboacións debido á alteración de arrosios, deposición artificial de arena e queima. A marea negra do *Prestige* tamén afectou notablemente este taxon.

CATEGORÍA DE CONSERVACIÓN

En *perigo de extinción*.